

BANDO

RECORDATORIO DAS OBRIGAS DOS RESPONSABLES DE TERREOS FORESTAIS CONTEMPLADOS NA LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA MODIFICADA POLA LEY 7/2012 DE MONTES DE GALICIA

José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña),

Informa:

A todos os veciños e veciñas de Ames, que a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia publicou no DOG do martes 17 de abril de 2007, a Lei 3/2007 de “*Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*”, modificada pola Ley 7/2012 de “*Montes de Galicia*” (DOGA do luns do 23 de xullo de 2012).

A dita lei establece nos seu artigos 21, 21 ter e 22 as obrigas das persoas físicas e xurídicas responsables **das parcelas incluídas nas faixas de especial protección de núcleos, que deberán cumprir coas obrigas de xestión do combustible vexetal (tala e roza), antes do 30 de xuño de cada ano**, xestionando a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ó solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ó redor de edificacións, vivendas ailladas e urbanizacións, depósitos de basura, parques e instalacións industriais ubicadas a menos de 400 metros do monte, de maneira que nos primeiros 30 metros non poderá haber nin piñeiros nin eucaliptos nin acacias, de acordo cos criterios de xestión da biomasa establecidos na súa disposición transitoria terceira.

As distancias no caso de edificacións, vivendas ailladas ou urbanizacións mediranse dende o paramento das mesmas. No caso do depósito de basura, parques ou instalacións industriais, mediranse dende o límite das instalacións.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas anteriormente, segundo o artigo 22 da Lei 3/2007, de procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes secundarias, **o Concello de Ames poderá proceder á notificación ás persoas responsables da súa obriga, advertíndolle da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que correspondese, e da aplicación de multas coercitivas, no seu caso.**

Ames, 6 de maio de 2016

O Alcalde,

Asinado: José M. Miñones Conde.